

TEMA 6. O ESPAZO URBANO

VOCABULARIO

Área metropolitana: é unha aglomeración urbana formada por unha cidade central e por varios municipios da súa contorna (ciudades satélite), que manteñen importantes relacións socioeconómicas entre sí. Estas cidades son independentes, pero manteñen políticas e relacións estreitas coa cidade central, como os movementos pendulares de poboación ou a xestión da rede de transportes que vertebra todo o espazo. Exemplos son a de Madrid ou a de Vigo.

Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOU): é o instrumento básico para a planificación urbana (competencia dos concellos, en base a unhas Directrices de Ordenación do Territorio autonómicas, DOT en Galicia). Proxectan a ordenación integral dun municipio para un certo número de anos, clasificando os usos do solo, a edificabilidade (solo urbano, solo urbanizable, solo non urbanizable, etc), a rede viaria, os equipamentos (industria e servizos), os espazos libres e os espazos medioambientais a protexer. Os municipios que non contan con PXOM réxense polas normas subsidiarias, conxunto de medidas básicas ditadas polas DOT (ex. Redondela).

Xentrificación: refírese ao proceso polo cal un barrio degradado ou abandonado recobra valor grazas a súa rehabilitación. Implica a expulsión dos seus habitantes tradicionais, xeralmente con poucos recursos, e a súa substitución por veciños novos de clase media-alta. Implica tamén cambios nos tipos de vivendas e nas actividades económicas, aparecendo novos bares e tendas de deseño ou á moda. Estes barrios adoitan estar situados preto das zonas máis céntricas da cidade. Exemplos son o caso de Monte Alto na Coruña ou o caso de Malasaña en Madrid.

Cidade difusa: Modelo de desenvolvemento urbano de inspiración anglosaxona, que se caracteriza por unha expansión do tecido urbano, con menor densidade de edificación, ao longo das áreas metropolitanas e contornas rururbanas. Na súa superficie configúranse áreas segregadas, especializadas en funcións residenciais, comerciais e industriais. A “ideoloxía clorofila” dominante a finais do século XX expandiu este modelo en España, que se adaptaba tradicionalmente ao modelo de cidade compacta mediterránea.

Cidade de 15 minutos: Modelo de planificación urbanística sostible, lanzado na COP21 de París (2015), e caracterizado por promover un deseño urbano que facilite o acceso ás necesidades básicas (traballo, vivenda, alimentación, saúde, educación, cultura lecer) baseado na proximidade e nos desprazamentos a pé ou en bicicleta, menos contaminantes. Outro modelo sostible é tamén o das “supermazás” postas en práctica na cidade de Barcelona.